



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

ARQUITECTURA


TIPOLOXIA:

CIVIL

CLAVE PLANO:

7-K

Nº FICHA:

A_039**F 01****PLANO**

DENOMINACIÓN:

Oficinas para Armadores

PARROQUIA:

CENTRO CIDADE

NÚCLEO:

Vigo

LOCALIZACIÓN:

Avda de Beiramar

DESCRIPCIÓN: ECLECTICISTA

Conxunto de edificios de tres alturas (B+II) levantados no ano 1947 sobre un proxecto do enxeñeiro Eduardo Cabello. Trátase de dous bloques edificatorios de inspiración ecléctica e neobarroca que recolle os ecos da arquitectura galeguista que tanto se cultivara naqueles anos.

Dotados dunha tendencia horizontalista moi notable, o baixo do inmore -integralmente asoportado- destínase a acoller todo tipo de negocios vinculados coas actividades marítimas. Pola súa parte os dous andares superiores acollen as oficinas dos armadores. O primeiro dos niveis abórdase por medio dunha franxa horizontal enlucida e branqueada que fai as veces de antepeito das grandes xanelas que nesta altura se abren. Pola súa parte o piso superior reduce o tamaño dos ocos, concedendo máis protagonismo aos entrepanos de granito, todo el perfectamente labrado e escuadrado. O edificio remátase en altura por medio dun petril de coración opaco pautado por pináculos rematados en bola.

CATEGORÍA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

AMBIENTAL 1

ESTADO CONSERVACIÓN:

BO

PROPIETARIO:

PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Arquitectura ecléctica de posguerra

ELEMENTOS A PROTEXER

ENFOSCADOS PINTADOS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.